

Convocatoria: Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S
Corpo: 591 - Profesores técnicos de formación profesional
Especialidade: 229 - Técnicas e procedementos de imaxe e son
Tribunal: 1

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA A PRIMEIRA PROBA

DATA PUBLICACIÓN: [18/06/2021]

ADEMAIS DO DISPOSTO NA CONVOCATORIA, CONSIDERARANSE OS SEGUINTE CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

PARTE A

Amosa coñecemento actualizado da materia e dominio do tema

Realiza todos os exercicios plantexados no suposto

Utiliza terminoloxía técnica axeitada

Realiza debuxos, esquemas e diagramas no caso de seren necesarios

Acada resultados correctos nos exercicios

Non se terán en conta os resultados non justificados

Cita fontes documentáis e bibliográficas, e a súa procedencia se e necesario

Aporta outros xeitos de resolver o exercicio

Cita equipamento técnico e aplicacións informáticas se e necesario

Estrutura secuencialmente os exercicios e supostos de xeito que facilita a comprensión

Indica de xeito claro a orixe do resultado tendo en conta as especificacións propostas

Presenta claridade ortográfica, gramatical e discursiva

PARTE B

Amosa coñecemento e dominio actualizado do tema

Expón os contidos de xeito riguroso; referencias bibliográficas, citas, esquemas, diagramas, etc. (se fose necesario)

Amosa capacidade de análise e síntese

Utiliza terminoloxía técnica adecuada e precisa segundo o contido do tema

Desenvolve todos os epígrafes

Estrutura o documento de forma clara e coherente, incluíndo táboa de contidos (índice), e conclusións

Presenta claridade ortográfica, gramatical e discursiva

- OS EXERCICIOS ILEXIBLES SERÁN CALIFICADOS CON 0 PUNTOS

INSTRUCCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DAS PARTES A e B DA PRIMEIRA PROBA (24 de xuño) Criterios xerais para o correcto desenvolvemento da proba

DATA PUBLICACIÓN: [17/06/2021]

MATERIAL PARA AS DUAS PARTES DA PRIMEIRA PROBA:

Calculadora NON programable sen funda.

Bolígrafos azúis ou negros, tipo Bic ou similares.

Bolígrafos verdes ou vermellos para esquemas, diagramas e debuxos.

Regra.

Botella transparente e sen etiqueta con auga.

NON SE PODE LEVAR:

Lápis ou calquera outro instrumento de escritura que non sexa indeleble.

Goma ou correctores de calquera tipo.

Móviles, reloxios ou calquera outro dispositivo electrónico (de darse o caso, será obxecto de medida disciplinaria - expulsión da aula ou cualificación do exame con 0 puntos -). Para garantir que non se utiliza ningún sistema de escoita ou comunicación co exterior, os aspirantes, de ter o cabelo longo, deberán levar os pavillóns auditivos á vista.

Asemade recoméndase non entrar no proceso con mochilas ou bolsos.

COMEZO DA PROBA:

Cada proba dará comenzo no momento que o indique o Tribunal, unha vez todos os aspirantes estén sentados en silencio.

REMATE DA PROBA:

Cando o Tribunal indique a finalización da proba, deixarán de escribir inmediatamente. Darán volta ás follas da proba e deixaran os elementos de escritura enriba da mesa. Anularase a proba do aspirante que continúe escribindo despois da orde de finalización.

De rematar antes do tempo estipulado, o aspirante permanecerá sentado e levantará a man. Un membro do tribunal achegarase á mesa do aspirante e facilitaralle un sobre onde introducir as follas da proba, incluídas borradores e as non utilizadas. Pecharase o sobre e o aspirante deberá identificalo co seu nome e apelidos, número de DNI, número de tribunal e a opción elixida. O sobre será asinado polo aspirante no peche.

No caso de esgotar o tempo asignado o aspirante permanecerá sentado ata que un membro do tribunal achéguese á súa mesa e facilítelle un sobre onde introducir as follas da proba, incluídas borradores e as non utilizadas. Pecharase o sobre e o aspirante deberá identificalo co seu nome e apelidos, número de DNI, número de tribunal e a opción elixida. O sobre será asinado polo aspirante no peche.

Non se poderá saír da aula ata pasados 30 minutos do comenzo da proba nin nos últimos 10

Se en calquera momento do proceso selectivo o Tribunal ten coñecemento de que algún dos aspirantes non posúe algún dos requisitos esixidos por esta convocatoria, despois de audiencia á persoa interesada, deberá propoñer a súa exclusión ao director xeral de Centros e Recursos Humanos, comunicándolle, así mesmo, as inexactitudes ou falsidades formuladas pola persoa aspirante na solicitude de admisión ás probas selectivas, para os efectos que procedan.

- Aconséllase levar bolígrafos de reposto xa que o protocolo COVID non permite o préstamo por parte do tribunal ou outros aspirantes
- No posto de cada aspirante haberá 10 follas marcadas, en caso de precisarse máis, solicitaranselle a calquera membro do tribunal alzando a man
- Non se permitirá o acceso ao recinto unha vez comezada a proba
- A identificación de cada aspirante realizarase na propia mesa, mediante o DNI ou documento acreditativo, que o aspirante deixará enriba da mesa
- Haberá reloxos ben visibles para o control do tempo. De non habelos, un membro do Tribunal informará periodicamente do tempo restante
- Excluirase do procedemento selectivo aquela persoa aspirante que leve a cabo calquera actuación fraudulenta durante a realización dos exercicios
- Se hai que realizar emendas, estas acotaranse cun paréntesis e liña horizontal sobre o texto
- Non se corrixirán probas escritas coa letra non lexible
- Escribíranse as dúas caras da folla, numerándoas correlativamente, poñendo o nome e apelidos no encabezado da primeira páxina
- Todas as páxinas teñen que estar firmadas na marxe inferior dereita
- O aspirante que necesite utilizar os servizos, deberá ir acompañado dun membro do Tribunal. Poderá levar só os elementos de hixiene necesarios
- Non se poden realizar preguntas sobre o contido das probas a ningún membro do Tribunal
- Non está permitido falar en alto para si mesmos ou con outras persoas durante o desenvolvemento da proba
- Está prohibido copiar, exhibir, ou facilitar dalgún xeito, a proba ou parte do seu contido a outro aspirante
- Os aspirantes deberán mostrar boa disposición ante as demandas, indicacións, avisos ou requerimentos relacionados coa correcta organización do proceso